



Expediente	1249/2022
Código SIA	1441036
Procedemento	Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)
Asunto	APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS VINCULADAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO NO CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA).
Unidade Xestora	200 Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
Documento	Comunicación órgano xestor
Trámite	Consulta pública previa

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS VINCULADAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO NO CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA).

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de aprobación de normas e con carácter previo á elaboración destas, se sustanciará unha consulta pública a través do portal web da Administración competente, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

No concello de Bueu a actividade hostaleira foi medrando dunha forma considerable nos últimos anos, en paralelo aos novos espazos de carácter público que foron aparecendo ou se foron cualificando, converténdose nun dos sectores con maior pulo dentro das actividades económicas do concello. Aínda existindo unha ordenanza municipal que regula o uso das terrazas de hostalería, esta non cubre a realidade nin a casuística xerada nos últimos anos, polo que resulta necesario revisala e adaptala para garantir a defensa do interese do espazo público e do medio ambiente urbano, e resolver con claridade cuestións como:

- A documentación necesaria que deben aportar os cidadáns que teñan interese en colocar instalacións de terraza nos espazos públicos.
- O procedemento, prazos e trámites a seguir.





- c. As distancias, cautelas, dimensións das instalacións en relación aos distintos espazos públicos existentes no concello de Bueu.
- d. Réxime sancionador ante incumprimentos da normativa vixente.
- e. As características das instalacións en canto a forma e materiais en relación ao espazo no que se localizan

Estas indefinicións fan que a tramitación dos expedientes se prolongue mais do que, en termos de eficacia administrativa, sexa axeitado para o funcionamento dun departamento como o de urbanismo. Unha maior definición dos distintos aspectos da ordenanza redundará nunha mellor calidade do servizo, na claridade na resolución por parte dos servizos técnicos das distintas solicitudes, pero tamén unha maior garantía para a cidadanía que usa o espazo público común, e na consecución dun medio ambiente saudable.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

O aumento da actividade hostaleira no Concello de Bueu foi considerable nos últimos anos, en parte favorecida por un novo marco urbano de reurbanización de rúas pero tamén de aparición de novos espazos de encontro públicos como a Praza Massó ou Lagoas. Esta actividade se xeneralizou por todo o termo municipal, ampliando a casuística en relación aos distintos espazos públicos, rúas con tránsito ou peonís, prazas, soportais... Ao mesmo tempo a experiencia do trámite administrativo se ve dificultado pola ausencia dunha regulación actualizada á hora de conceder as autorizacións correspondentes. A necesidade desta ordenanza ven tamén da necesidade de protexer e coidar o medio ambiente urbano, como premisa fundamental para xerar espazos de convivencia. Se pretende unha maior definición da norma dende un punto de vista mais actual, definindo con claridade a relación das instalacións con respecto aos distintos espazos, réxime sancionador, procedemento e documentación a presentar polos cidadáns.

C) Obxectivos da norma

Establecer unha regulación máis concreta e clara para a instalación dos elementos que poden conformar as terrazas vinculadas a establecementos abertos ao público nos distintos espazos públicos no Concello de Bueu.

1. Poñer claridade na documentación a presentar coas distintas solicitudes, establecendo uns prazos concretos.
2. Especificar distancias, cautelas, dimensións, horarios e prohibicións en relación a realidade do noso concello.
3. Definición pormenorizada das instalacións en beirarrúas, soportais, zonas peonís, prazas ou espazos similares.
4. Definición dos elementos complementarios ás terrazas (toldos, parasoles, curtaventos).





5. Establecer as limitacións para a protección da paisaxe urbana, entornos monumentais e ambientais.
6. Facilitar o tramite administrativo interno, tanto na elaboración e eficacia dos informes técnicos como na resolución dos expedientes.
7. Aumentar a protección do uso común dos espazos, preservar o dereito ao descanso da veciñanza, e o desenrolo do sector hostaleiro.
8. Garantir a accesibilidade da cidadanía aos espazos destinados a uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.
9. Preservación do arboredo, parterres, vexetación da paisaxe urbana e dos elementos do mobiliario urbano.
10. Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de emerxencia.
11. A protección do dereito das persoas a un medio ambiente saudábel.

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

O concello de Bueu dispón dunha ordenanza Reguladora **da instalación de terrazas de hostalería** (BOP Nº 195 de 09.10.2012). O incremento significativo deste tipo de instalacións pero tamén dos espazos públicos urbanos, fai que esta ordenanza sexa insuficiente para unha regulación mais acaída as novas circunstancias. Isto, sumado ao tempo transcorrido dende que foi aprobada, xunto cos cambios normativos e sociais xurdidos nos últimos anos, pon de relevo a necesidade de revisar e adaptar a sinalada ordenanza aos mesmos, facendo que resolva de maneira mais precisa e eficiente a múltiple casuística que se poida dar neste tipo de instalacións en relación ao espazo urbano

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario, que figura como anexo único a este anuncio, durante o **prazo de QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no taboleiro electrónico do concello de Bueu**, aloxado na sede electrónico do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>).

Para o exercizo deste dereito, os cidadáns, organizacións e asociacións que desexen facer chegas as súas suxestións dispoñen dun trámite electrónico no *"Catálogo de trámites"* da sede electrónica, denominado *"Participación na Elaboración de Normativa"*, a través do cal poderán realizar a [Tramitación Electrónica](#) e [Descargar instancia](#).

PUBLÍCASE PROPOSTA DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS VINCULADAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO NO CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA).





ANEXO UNICO- CUESTIONARIO

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

Necesidade e Oportunidade da súa aprobación

Obxectivos da norma

Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias





CONCELLO DE BUEU
CONCELLERÍA DE URBANISMO,
INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS E VIVENDA
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS
VINCULADAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO NO CONCELLO DE
BUEU (PONTEVEDRA)**

INDICE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TITULO I: DISPOSICIÓN XERAIS.

TITULO II: RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DA LICENZA.

TITULO III: FACULTADES DE INSPECCIÓN. RESTABLECEMENTO DA LEGALIDADE. RÉXIME
SANCIONADOR.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA .

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

ANEXO I MODELO SOLICITUDE

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029



Cod. Validación: 73MP67QQC9W4K3MRY6GYNRSHQ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 30



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS VINCULADAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO NO CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A instalación de mesas e cadeiras nas vías e espazos públicos constitúe un uso común especial do dominio público.

A actividade hostaleira significa para Bueu un sector importante dende o punto de vista empresarial e comercial pero tamén dende o punto de vista turístico. A fortaleza deste sector debe traducirse nunha imaxe de conxunto que axude a que o noso Concello e a súa oferta turística ofrezca un servizo ao cidadán cada vez mellor. A nivel xeral a hostalaría cada vez conforma a imaxe urbana de centos de concellos, onde a súa instalación nas vías e prazas públicas forman parte xa da vida cotián.

É indispensable polo tanto regular a imaxe e o servizo que se ofrece á cidadanía dende un punto de vista comercial e turístico, pero sen que sirva de menoscabo a incidencia ambiental ou a convivencia de outros usos que non son especificamente os hostaleiros.

En resposta á gran demanda existente deste tipo de instalacións na vila, que contribúen ao espaxamento e ás relacións sociais, que favorecen a proxección dunha imaxe aberta e acolledora da nosa cidade e as súas xentes, o Concello de Bueu realizou unha serie de actuacións a fin de promover as condicións necesarias para mellorar as instalacións das terrazas de veladores existentes e adaptalas aos cambios normativos e sociais xurdidos.

Neste senso, é preciso a revisión e a adaptación da actual Ordenanza Municipal Reguladora de Instalación de terrazas, mesas e cadeiras (terrazas de hostalaría) aprobada definitivamente por acordo do Excmo. Concello Pleno de data 12.07.2012 (publicada no número 195 do «Boletín Oficial» da provincia de Pontevedra de data 9 de outubro de 2012).

Esta ordenanza pretende por un lado pormenorizar a regulación do uso das terrazas dun xeito mais acaído a nosa realidade urbana e social, pero tamén dende o punto de respecto máximo a conciliación do uso que o resto da cidadanía debe facer do espazo público. O dereito ao descanso, ao uso libre do medio ambiente urbano e natural, da preservación do patrimonio, da accesibilidade, da imaxe urbana, destacan como parámetros definitorios desta ordenanza.

Unha mellor e mais áxil tramitación das solicitudes, un novo formulario a disposición dos solicitantes, redundará nunha tramitación mais sinxela e mais rápida para os mesmos.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico ao que debe someterse a instalación de terrazas ao aire o na vía pública vinculadas a establecementos abertos ao público que contén co preceptivo título habilitante para o

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





desenvolvemento de dita actividade, dentro do termo municipal do Concello de Bueu
A condición de espazo de uso público virá determinado polo seu aproveitamento ou utilización xeral, polo destino urbanístico no planeamento vixente ou pola cesión do espazo ao Concello.

ARTIGO 2.- RÉXIME XURÍDICO. NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PREVIA.

En concordancia co sinalado na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no seu artigo 41.1.b), en atención á concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente, será precisa a obtención de licenza para a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública vinculadas ao establecemento aberto ao público, resultando de aplicación para a tramitación e resolución do procedemento de outorgamento da mesma o réxime previsto a tal efecto na normativa vixente en materia de espectáculos e actividades recreativas e na presente ordenanza, así como na normativa de réxime local e a reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A autorización no caso de tratarse dun uso común especial da vía pública, terá a consideración de precario, polo que a súa concesión ten carácter discrecional e a súa autorización deberá de atender a criterios de compatibilización do uso público coa utilización privada, debendo de prevalecer nos casos de conflito, a utilización pública do devandito espazo e o interese xeral do cidadán. Tratándose da autorización dun uso común e especial da vía pública, será inmediatamente revogable por incumprimento das condicións establecidas nesta ordenanza ou na autorización específica.

ARTIGO 3.- DEFINICIÓNS.

Terraza: É o conxunto de mesas, cadeiras e calquera outro mobiliario ou instalación que, sendo propios deste tipo de instalacións, sirvan de complemento temporal ou continuo a un establecemento aberto ao público que conte co preceptivo título habilitante para o desenvolvemento de dita actividade.

Poden contar cos seguintes elementos:

a) Mesas (baixas e altas), cadeiras, bancos, taburetes, barrís: son todos os elementos portátiles que o establecemento pon a disposición dos seus clientes para o uso como asento e apoio das consumicións. En canto aos asentos, poden ser de uso individual (cadeiras e taburetes), ou de uso colectivo (bancos). En canto ao conxunto de mesas ou elementos para apoio de consumicións poden ser de varios tipos: mesas baixas asociadas ao uso de cadeiras e bancos, e mesas altas e barrís, asociadas á consumición de pé ou mediante taburetes ou cadeiras altas.

b) Toldos: Instalación auxiliar dunha terraza con estrutura ancorada á fachada.

c) Toldos Telescópicos: Estruturas con toldos a dúas augas, móbiles mediante a instalación de rodas o fixas e mediante xardineiras a modo de contrapeso.

d) Tarimas ou taboados: Instalación auxiliar a unha terraza con carácter móbil ou facilmente desmontable, con estrutura ancorada ou non ao pavimento, cuxo fin é eliminar barreiras de pendente ou desnivel, derivados das especiais características dos

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





espazos urbanos susceptibles de ocupación, permitindo o acceso ou a nivelación do solo para a ocupación de conformidade co disposto na normativa de aplicación.

e) Parasoles: son aqueles elementos de protección, extensibles sobre un soporte vertical, que se diferencian dos toldos en que son desmontables e portátiles, podéndose recoller e retirar sempre que sexa necesario, tendo unha base para o soporte totalmente independente ao pavimento; o elemento de protección extensible non poderá estar asociado a ningún elemento lateral de carácter vertical.

f) Elementos de protección, paramentos desmontables, biombos, paraventos, separadores, elementos de peche: son aqueles elementos que delimitan a zona ocupada pola terraza ou unha parte da mesma, con fin de protexer ás mesas e cadeiras situadas dentro dese perímetro, sempre que estes equipamentos sexan portátiles e desmontables, e cumpran as condicións reguladas por esta ordenanza.

g) Xardineiras: Recipientes, xeralmente de forma rectangular, que serven para poñer macetas con plantas ou para colocar plantas de adorno directamente na terra.

h) Elementos de climatización, estufas e calefactores: terán esta consideración todos aqueles elementos destinados a calefactar a zona ocupada pola terraza, incluíndo tanto as estufas portátiles autónomas, como as estufas fixadas á fachada que requiran unha instalación de subministro eléctrico tamén fixa.

ARTIGO 4.- PRINCIPIOS XERAIS de emprazamento.

A colocación de terrazas nas vías e espazos públicos deberán, en todo caso, respectar o uso común preferente das mesmas. Á persoa titular da Alcaldía, ou ao/a concelleiro/a en quen delegue, poderá establecer, previo informe técnico motivado, para zonas, vías ou localizacións determinadas, a prohibición de instalar terrazas ou algún elemento das mesmas, en atención de razóns fundadas de interese público relativas ao libre tránsito peonil e rodado, seguridade das vivendas de edificios próximos, condicións medioambientais, estéticas ou outras similares.

A colocación de terrazas non poderá alterar nin cambiar en ningún caso os itinerarios habituais rodados ou peonís.

Poderanse establecer limitacións específicas relativas á superficie susceptible de ocupación, determinar a disposición da instalación e o tipo e características do mobiliario ou elementos auxiliares.

As terrazas se instalarán, a menos que existan outro tipo de disposicións especiais ou ordenacións singulares que o dispoñan de outro modo, para as vías ou espazos de uso público fronte ao establecemento do cal dependen, sen pasar os límites dos locais, salvo autorización expresa dos titulares das licenzas dos establecementos contiguos, ou si estes carecen de actividade a dos seus propietarios, quedando o consentimento sen efecto e sen dereito a indemnización o interesado en caso de cambio do titular autorizante ou de revogación por este da autorización, producíndose nese caso a revogación da licenza de instalación da terraza. Neste último caso, a lonxitude da terraza non poderá exceder, en ningún caso do dobre da fachada do propio establecemento.





Non obstante, admitirase excepcionalmente a localización na marxe oposta en vías peonís ou de circulación restrinxida, así como en espazos públicos libres ou ben privados de uso público diferentes a vías (tales como os situados en prazas, parques ou xardíns) inmediatamente lindeiros ao viario ao que dea fronte a fachada do local. A aplicación desta excepción requirirá a concorrencia acumulativa dos seguintes requisitos:

- a) Que non sexa posible a instalación da terraza na mesma marxe do local, ou que, sendo posible, a instalación na marxe oposta mellore as condicións de uso común xeral da vía pública.
- b) Que na marxe oposta non exista outro establecemento de actividades recreativas que poida instalar terrazas .
- c) Non se admitirá esta excepción en vías de tránsito de vehículos non restrinxido.
- d) A autorización en parques e xardíns, deberán situarse en zonas nas que existan pavimentos duros, quedando expresamente prohibida a colocación de mesas e cadeiras noutras superficies, e sen que en ningún caso poidan impedir o normal desenvolvemento das actividades propias das parques e prazas como espazos de lecer e paseo dos cidadáns.

Non se autorizará a instalación de terrazas cando elo poida menoscabar a contemplación e desfrute de espazos públicos, monumentos ou edificios singulares ou das súas características específicas e relevantes.

ARTIGO 5. PROHIBICIÓNS DE LOCALIZACIÓN.

A instalación de terrazas respectará o disposto no Regulamento xeral de circulación e normas complementarias de aplicación, en todo o relativo á visibilidade, distancia a cruzamentos e esquinas de beirarrúas sen poder entorpecer, en ningún caso, o paso de persoas ou vehículos, mesmo en rúas peonís. Por conseguinte, non poderán situarse en ningún caso ante ou sobre:

- a) A vía pública destinada á circulación de vehículos, salvo naquelas zonas en que por decisión municipal previa procedérase ao peche do tráfico rodado, sinalando nestes casos excepcionais a Policía Local e os servizos técnicos municipais, as condicións especiais de uso e seguridade que haberán de impoñerse de concederse a licenza neses casos.
- b) As zonas axardinadas de uso público.
- c) Pasos de peóns, saídas de emerxencia, vaos, paradas de transporte público ou doutros servizos públicos ou oficiais e prazas reservadas para persoas de mobilidade reducida, debendo situarse a 1,00 metro de estes; itinerarios de circulación de vehículos que non permitan deixar libre un ancho mínimo de 3 metros.
- d) En lugares onde se oculten total ou parcialmente ou se dificulte a visibilidade da sinalización de tráfico.





e) En lugares cuxa instalación impida o uso normal do mobiliario urbano instalado que deberá quedar libre e accesible e naqueles nos que non quede garantido o predomínio do interese público fronte a explotación por un privado dun ben público.

f) Diante dos portais de acceso a edificios ou locais comerciais.

ARTIGO 6. REQUISITOS PARTICULARES DE EMPRAZAMENTO.

1. Nas vías públicas de tráfico rodado, as terrazas instalaranse preferentemente na beirarrúa peonil e sempre que a súa anchura mínima sexa dun mínimo de 2,5 m, e así permitir un paso mínimo libre de obstáculos de 1,5 m e que non poderá ser reducido en ningún caso. En beirarrúas de ancho menor a 2,5 metros se poderán autorizar terrazas formadas por elementos de dimensións reducidas, tales como mesas altas, mesas altas con dous taburetes, toneis ou barrís, etc, dispostos en sentido lonxitudinal. En todo caso deberá quedar garantido o cumprimento do itinerario peonil de 1,5 m.

A instalación colocarse na zona exterior da beirarrúa, co fin de deixar libre un itinerario peonil accesible entre as terrazas e a liña de fachada. A instalación deberá contar ademais, con elementos de protección que poidan garantir a debida seguridade a criterio dos servizos técnicos. No caso de beirarrúa con sobre ancho, e sempre que os servizos técnicos municipais non establezan outro criterio, a instalación deberá cingirse unicamente a ese espazo, sen invadir o resto da beirarrúa.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, de forma excepcional, en zonas urbanas consolidadas nas que non sexa posible cumprir este requisito, poderá autorizarse, a colocación da terraza adxacente á fachada, sempre que se coloque un paramento desmontable que converta a terraza en detectable para as persoas con dificultade visual e permita a estas persoas continuar sen dificultade o seu itinerario. Esta excepción fundaméntase no disposto no anexo da Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, en relación co artigo 33.3 e 41.4 do dito anexo.

2. Poderase autorizar a ocupación excepcional do espazo adicado a estacionamento contiguo a beirarrúa, excluídas as zonas de carga e descarga, as reservadas a estacionamento de vehículos de servizos públicos e as prazas reservadas para persoas de mobilidade reducida, sempre que se garanta a integración e a continuidade espacial e de deseño co resto da beirarrúa, liberando este da zona de estacionamento e dotándoas das medidas de seguridade necesarias. Nestes casos a ocupación limitarase á lonxitude da liña de fachada do local, e a instalación da terraza deberá realizarse cunha estrutura desmontable que se manterá de forma permanente durante o período de vixencia da licenza.

Esta excepción non se aplicará cando do informe da Policía Local se deduza que polas circunstancias de tráfico da vía a autorización pode implicar un risco para a seguridade viaria ou das persoas.

3. Con carácter xeral, nas rúas peonís as solicitudes de terraza resolveranse segundo as peculiaridades de cada caso concreto, atendendo as circunstancias particulares de cada espazo, ao ancho e demais características da rúa, e se disporán de maneira que exista un itinerario peonil mínimo, libre de obstáculos de 3,00 metros, de xeito que se permita

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





o paso de vehículos de emerxencias e outros vehículos autorizados. As terrazas instaladas en estas vías deberán poder retirarse con facilidade ao obxecto de permitir o paso de ditos vehículos se fora preciso.

Aos efectos de aplicación da presente ordenanza, terán a consideración de rúas peonís aquelas que se atopen total ou parcialmente, dende o punto de vista horario ou temporal, pechadas á circulación de vehículos e se atopen así sinalizadas, con independencia da súa configuración física.

Se ao longo da rúa se atopasen establecementos hostaleiros enfrontados, repartiranse a anchura útil para a instalación de terrazas.

4. Nas zonas de soportais permítese a disposición unicamente de repisas abatibles para o consumo de bebidas, sen cadeiras, sempre e cando que se garanta a existencia de itinerarios peonís accesibles, garantindo en todo caso un itinerario peonil libre mínimo de 1,50 metros, considerándose a anchura do soportal dende a fachada ao interior dos piares. O tamaño máximo das mesmas será de 20x60 cm. En ningún caso se poderá pechar o itinerario con biombos ou mobiliario similar, ao obxecto de respectar o dereito ao paso que lle asiste a calquera cidadán ou cidadá. Se poderán instalar terrazas pola liña exterior dos soportais, nas condicións establecidas nesta ordenanza. Igualmente, na zona de soportais non se autorizarán a instalación de toldos como elemento integrante da terraza.

5. Nas prazas e noutros espazos libres asimilables a distribución do espazo a ocupar efectuarase garantindo o uso estancial ao que está destinada, e o desenvolvemento da actividade obxecto de autorización, en función dos tránsitos peonís de cada praza, da superficie, e peculiaridades de cada espazo.

A superficie máxima de ocupación con terrazas non poderá ser superior ao 50 % do espazo libre susceptible de ocupación. O espazo libre susceptible de ocupación obterase descontando as zonas verdes, mobiliario urbano, zonas de xogo infantís, escavas e arborado.

O espazo libre nas prazas públicas deberá situarse a unha distancia máxima de 10 metros das fachadas dos edificios que dean fronte á praza, co fin de permitir a utilización de vehículos con auto escada contra incendios.

Non obstante, por acordo de Alcaldía poderán delimitarse os espazos dispoñibles para ocupación en prazas e outros espazos públicos cunha superficie de ocupación inferior á prevista no apartado anterior. O acordo deberá motivar a necesidade da redución da superficie máxima susceptible de ocupación para garantir o mantemento do uso público xeral da praza e a súa accesibilidade, tanto para peóns como, no seu caso, vehículos, ou ben por necesidades derivadas da protección do patrimonio cultural ou ambiental ou para a garantía de funcionamento dos servizos públicos.

ARTIGO 7. REQUISITOS DOS ELEMENTOS INTEGRANTES DAS TERRAZAS.

1. As terrazas poderán integrarse polos elementos de mobiliario urbano definidos no artigo 3 da presente ordenanza.





Non poderán realizarse instalacións nin colocarse mobiliario, elementos decorativos ou revestimentos de solo que non estean incluídos expresamente na licenza da terraza.

A colocación de toldos ancorados á parede debe tramitarse mediante unha solicitude independente de licenza urbanística ou a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, segundo determine a normativa urbanística.

Os elementos de mobiliario urbano que ocupen o espazo autorizado para a instalación da terraza deberán ser homoxéneos, tanto en cor como en deseño, sen que se permitan cores nin modelos diferentes na mesma terraza.

Non poderá colocarse ningún tipo de cartel, carteleira ou valado publicitario nas terrazas e nos elementos que a integren, a excepción da do nome do establecemento ao que serven, e que non excederá dunhas dimensións de 8 x 4 cm.

2. A ocupación das terrazas virá determinada por un módulo básico ou tipo, que está formado por unha mesa e catro cadeiras, cun mínimo de ocupación de 1,50 x 1,50 metros.

Excepcionalmente por razóns de espazo, se pode autorizar un módulo reducido formado por unha mesa e dúas cadeiras, cunha ocupación de 0,80 x 1,50 metros.

As dimensións totais mínimas do espazo ocupado, en función do número de cadeiras, deberán ser as seguintes:

Mesa con 4 cadeiras: 1,50 X 1,50 m

Mesa con 3 cadeiras: 1,50 X 1,25 m

Mesa con 2 cadeiras: 1,50 X 0,80 m

O diámetro/lado máximo de mesa será de 80 cm.

Se por razóns de dimensións do espazo dispoñible non fose posible a instalación de terrazas de módulo tipo, poderán instalarse mesas altas ou barricas con dúas banquetas, cun diámetro/lado máximo de 60 centímetros.

3. As biombos e paraventos se poderán dispor en 2 lados, no sentido transversal ao da circulación peonil como barreira “curta ventos”.

Cando razóns de seguridade así o aconsellen se poderán colocar estes elementos en 3 lados da terraza e sempre e cando o cuarto lado que delimita a terraza (o restante lonxitudinal) estea sempre e permanentemente aberto e sen delimitar. Serán móbiles e deberán ser visibles a distancia e evitarán arestas e bordes cortantes, podendo ser de madeira tratada na súa cor natural, ou doutros materiais: metálicos, bambú, mimbre, P.V.C. etc., de cores non disonantes co entorno, e poderán levar incorporada publicidade do establecemento ao que serven de complemento, que non excederá dunhas dimensións de 8 x 4 cm.

Estes elementos non se poderán ancorar nin ao pavimento nin as fachadas, e teñen que ser facilmente móbiles. Terán unha altura máxima de 1,75 metros respecto da rasante

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





do pavimento, e estarán resoltas con material transparente non translúcido como mínimo os 2/3 superiores. A súa instalación, xunto cos toldos non poderán conformar espazos pechados de instalación continuada sobre os espazos públicos.

4. As xardineiras poderán ser de madeira ou metálicas, non admitíndose ningún tipo de publicidade nas mesmas, a excepción da do nome do establecemento ao que serven, que non excederá dunhas dimensións de 8 x 4 cm.

5. Nas terrazas instaladas poderán colocarse parasoles desmontables, que non precisen para a súa suxeición deteriorar o pavimento, e suxeitas mediante unha base de suficiente peso de maneira que non supoña perigo para os usuarios e viandantes.

Así mesmo, poderán instalarse toldos, nas condicións recollidas na normativa urbanística de aplicación. En todo caso estes serán retráctiles ou que permitan ser recollidos con facilidade.

Os toldos terán unha cor que non desentoe co resto do mobiliario, e estarán suxeitos ás mesmas limitacións publicitarias que o resto de elementos da terraza, coa particularidade de que a dimensión máxima da publicidade do establecemento será de 100 x 25 centímetros. O seu saínte, respecto á aliñación exterior, non poderá ser superior á anchura da beirarrúa menos sesenta 60 centímetros, sen sobrepasar os 3 metros, e respectando en todo caso o arboredo existente.

Estes elementos deberán estar a unha altura mínima de 2,25 metros.

6. Os elementos de climatización da terraza deberán cumprir a normativa técnica esixible en cada caso, debendo reunir as condicións de seguridade esixibles, sen que poidan producir ningún tipo de ruído, emisión ou vibración molesta nin ningún tipo de risco para as persoas. A súa colocación e instalación deberá realizarse observando en todo momento as recomendacións ou instrucións técnicas do fabricante. Non se admitirán instalacións de carácter fixo, debendo retirarse co resto de elementos integrantes da terraza .

Os elementos de climatización deberán harmonizar esteticamente co resto de elementos da terraza e coa contorna, e deberán situarse sempre dentro do perímetro máximo de ocupación da terraza.

As estufas, calefactores ou ventiladores que non se apoien no solo deberá deixar unha altura libre de paso mínima de 2,20 metros.

Non se admitirá a instalación de máis dun aparato por cada catro mesas autorizadas.

7. Os paramentos desmontables deberán observar as normas estéticas previstas para o resto de elementos integrantes da terraza así como as específicas que sexan de aplicación conforme á ordenación urbanística, debendo observar, en todo caso, as condicións de seguridade adecuadas.

A instalación destes elementos terá carácter obrigatorio nos supostos excepcionais nos que a terraza se acaroe ás fachadas en rúas peonís ou de circulación restrinxida, co fin de facer detectable a terraza para as persoas con dificultade visual.

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





Os paramentos desmontables terán unha altura mínima de 0,70 metros e máxima de 1,50 metros, debendo ser detectables a unha altura mínima de 0,15 m medidos dende o nivel do solo.

8. A instalación de tarimas e de estruturas de protección deberá realizarse nos supostos excepcionais de ocupación de espazos libres de estacionamento contiguo a beirarrúa. A instalación da tarima manterá a rasante da beirarrúa a que dá fronte. Empregarase como firme da mesma, madeira ou derivados da mesma (aglomerados, taboleiros ou similares) e deberá contar cunha varanda de seguridade nas tres fronteas (agás na zona da beirarrúa) que poderá estar executada cos seguintes materiais: madeira, aceiro, corda de yute ou cáñamo, ou combinacións destes materiais. Excepcionalmente, autorízanse xardineiras como elemento de seguridade sempre e cando teñan unhas dimensións e peso que impidan o fácil desprazamento das mesmas.

ARTIGO 8. RUÍDOS.

En todo caso será de aplicación o disposto na normativa xeral e municipal aplicable en materia de ruídos e vibracións vixente en cada momento, a cal poderá regular condicións específicas e medidas correctoras adicionais para evitar a propagación cara á terraza exterior dos establecementos dos ruídos e vibracións que se produzan no seu interior, así como dos que poidan producir os propios elementos integrantes da terraza. As ditas condicións figurarán na propia licenza da terraza, ou poderán introducirse mediante expediente de imposición de medidas correctoras adicionais.

Prohíbese terminantemente a utilización, nestas instalacións de calquera tipo de equipo de música, megafonía, amplificadores ou outras fontes de produción ou reprodución sonora.

Asemade prohíbense a celebración de calquera a espectáculo público, incluídas as actuacións musicais de todo tipo e as condutas que perturben notoriamente a tranquilidade e o descanso veciñal.

Prohíbese expresamente o arrastre de cadeiras para proceder ao montaxe e desmontaxe da terraza.

ARTIGO 9. ILUMINACIÓN.

A instalación poderá dispoñer de iluminación complementaria á do local do que depende, ou á da vía pública na que se atope, debendo axustarse á normativa técnica de aplicación.

ARTIGO 10. LIMPEZA E MANTEMENTO.

Será obriga do titular da licenza a limpeza e mantemento do espazo ocupado e do mobiliario, adoptando para elo as medidas necesarias.

ARTIGO 11. INSTALACIÓN DOUTRAS MÁQUINAS.

A ocupación do espazo público ou privado con este tipo de instalacións non faculta para a instalación complementaria de ningún tipo de máquinas expendedoras ou recreativas; debendo subministrarse as bebidas, xantar, ou outro tipo de artigos, dende o interior do establecemento.





Queda prohibido almacenar na vía pública mercancía, nin caixas de bebida para vacío.

ARTIGO 12.- RETIRADA DA INSTALACIÓN.

Será obriga do titular da licenza a retirada diaria dos elementos da terraza unha vez rematado o horario de funcionamento.

Cando se proceda ao acopio de material e se deixe na vía pública, deberán adoptarse as necesarias medidas de seguridade que eviten a súa caída e/ou accidentes aos transeúntes.

Rematado o período de autorización da instalación, o titular da mesma deberá proceder a súa retirada no prazo máximo de 48 horas, sendo responsable directo dos danos producidos como consecuencia do montaxe, funcionamento e desmontaxe da instalación.

TITULO II: RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DA LICENZA.

ARTIGO 13. TÍTULO HABILITANTE.

Será precisa a obtención de licenza para a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública vinculadas ao establecemento aberto ao público, resultando de aplicación para a tramitación e resolución do procedemento de outorgamento da mesma o réxime previsto a tal efecto na normativa vixente en materia de espectáculos e actividades recreativas e na presente ordenanza, así como na normativa de réxime local e a reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Naqueles casos nos que a terraza se sitúe en dominio público municipal, a licenza solicitarase conxuntamente coa autorización para a ocupación do dominio público. A concesión da licenza municipal habilitará para a ocupación do espazo público de titularidade municipal ou privado de uso público necesario para a súa instalación.

A licenza obxecto desta ordenanza é independente das demais autorizacións que correspondan en virtude de normativa sectorial ou de que regule a ocupación de solo de dominio público distinto do municipal. Se o terreo a ocupar fora de titularidade privada e uso privado, ou ben o dominio público fose doutras Administracións Públicas, o solicitante da licenza deberá acreditar documentalmente que dispón de autorización previa ou, no seu caso, de informe favorable, do titular do terreo e/ou do organismo competente, debendo cumprir as condicións que se impoñan por outras Administracións Públicas no ámbito das súas competencias.

ARTIGO 14. DEREITO A SOLICITAR A INSTALACIÓN.

1. As autorizacións unicamente poderán ser solicitadas por establecementos abertos ao público dedicados ás actividades recreativas seguintes:

a.1) Establecementos de restauración (restaurantes, bares e cafeterías) definidos no apartado III.2.5 do anexo do Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, ou establecementos equivalentes na norma que o poida substituír no futuro.





a.2) Establecementos de actividades de lecer definidos no apartado III.2.7.3 e 4 do devandito anexo.

b) Os establecementos deberán contar co seu preceptivo título habilitante, conforme á lexislación vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, e atoparse ao corrente nas súas obrigas económicas co Concello de Bueu.

2. Non obstante o establecido no apartado anterior, en cada caso estudaranse os condicionantes particulares de cada establecemento, así como a afección á contorna en que se atopa situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter medioambiental.

ARTIGO 15. DEREITO Á INSTALACIÓN (BENEFICIARIOS).

Terán dereito á instalación de terrazas os titulares de establecementos abertos ao público que contén co preceptivo título habilitante para o desenvolvemento de dita actividade, de acordo coas condicións fixadas na mesma, e teñan satisfeitas as taxas e impostos que resulten de aplicación conforme ás correspondentes Ordenanzas Fiscais.

Non obstante o establecido no artigo anterior, en cada caso estudaranse os condicionantes particulares de cada establecemento, así como a afección á contorna en que se atopa situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter medioambiental e, considerando todas as circunstancias reais ou previsibles, poderá concederse ou denegarse a autorización, facendo prevalecer o interese xeral sobre o particular. A autorización de ocupación do espazo de uso público é un acto discrecional polo que a concesión en períodos anteriores non supón a existencia dun dereito preexistente para a súa obtención ou renovación. O simple cumprimento dos requisitos citados nesta ordenanza non outorgan dereito algún sobre a utilización dos espazos de uso público.

ARTIGO 16. INICIO DO PROCEDEMENTO. REQUISITOS DA SOLICITUDE E DA DOCUMENTACIÓN ADXUNTA.

1. O procedemento iniciarase a instancia de parte, coa presentación da solicitude e documentación completa no rexistro do Concello.

2. Para obter a preceptiva licenza municipal, os interesados deberán presentar, a través do Rexistro xeneral deste Concello, a solicitude de licenza, segundo o modelo normalizado contido na presente ordenanza no seu anexo I, e deberá presentarse a seguinte documentación adxunta:

a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica que represente a empresa, que deberá coincidir coa titular do título habilitante de apertura do establecemento, ao que veñen obrigadas segundo a vixente normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas. Farase constar nome, dirección e, no seu caso, acreditación da representación.

b) Título habilitante municipal de apertura do establecemento que ampare o inicio da actividade, tramitado ao amparo da normativa reguladora de espectáculos públicos e





actividades recreativas vixente no momento do seu outorgamento, ou ben indicación expresa do expediente no que figure.

c) Nome comercial, localización e referencia catastral do local para o que se solicitan as terrazas.

d) Fotografías da totalidade da fronte do local e do espazo no cal se pretende situar a terraza.

e) Acreditación da declaración do alta no padrón do Imposto de actividades económicas.

f) Plano de situación segundo cartografía oficial do PXOM e plano acoutado e detallado da superficie que se pretende ocupar, que grafíe tanto as terrazas como os elementos que se pretendan instalar, de maneira que se aprecie que non interfíren o acceso a portais de inmobles nin impidan a visión de escaparates, e que se achegará en tamaño DIN- A4 ou DIN-A3. No plano figurarán as características e número dos elementos a instalar.

g) Esbozo, fotografías ou catálogos que reflectan polo miúdo a descrición e o deseño da terraza e demais elementos a instalar. A solicitude de instalación deberá detallar o número de mesas e cadeiras e dos distintos elementos que a integran, que deberá ser respectado polo titular do establecemento, e deberá cumprir coas dimensións mínimas recollidas nesta ordenanza, e a lonxitude da fachada do local.

Deberá representar o cumprimento expreso das distancias mínimas obrigatorias contempladas nesta ordenanza.

h) Declaración da persoa titular, na que se faga constar o compromiso da contratación do seguro de responsabilidade civil previsto na normativa en materia de espectáculos e actividades recreativas para o establecemento en que estea incluída a terraza ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

A póliza do seguro de responsabilidade civil dará cobertura aos posibles riscos que puidesen derivarse para as persoas e/ou cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada das terrazas e dos seus elementos auxiliares. Deberá estar vixente durante o período de funcionamento autorizado e polo capital mínimo fixado na normativa vixente, en función da capacidade da terraza, con cobertura específica de incendios e demais riscos derivados do funcionamento da terraza, especialmente no suposto de instalación de estufas ou outros elementos de calefacción ou climatización.

i) De pretendese a instalación de estufas ou elementos de calefacción ou climatización persoa interesada deberá, ademais, achegar a documentación técnica esixible segundo a normativa en vigor.

l) Cando a terraza se pretenda instalar diante da fachada de locais lindeiros, autorización expresa dos titulares dos mesmos no caso de estar sen actividade, ou dos titulares da actividade no caso de contar con ela. Este consentimento quedará sen efecto no caso de cambio do titular autorizante ou de revogación por este da autorización, revogándose nese caso a licenza de instalación da terraza.

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





m) Xustificante de pago das taxas e impostos que resulten de aplicación. O Concello comprobará que o interesado está ao corrente de pagos coa Facenda municipal.

n) Os informes favorables e/ou autorizacións que correspondan en virtude de normativa sectorial, ou daquela que regule a ocupación de solo de dominio público distinto do municipal, emitidas polos organismo competentes, debendo cumprir as condicións que se impoñan por ditas Administracións Públicas no ámbito das súas competencias.

ñ) Aquela documentación que polas características da terraza ou por modificacións normativas se estime pertinente polo Concello.

3. O número de mesas e cadeiras a instalar poderá ser reducido, por indicación dos servizos técnicos municipais, tendo en conta as condicións da beirarrúa e da vía pública a que de fronte o establecemento, a fin de garantir o libre tránsito dos peóns e vehículos autorizados e a seguridade dos mesmos.

ARTIGO 17. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

A solicitude presentada, xunto coa documentación anexa correspondente, será obxecto de informe polos servizos técnicos municipais e pola Policía Local, que verificarán, respectivamente, se a petición se axusta as condicións establecidas na presente ordenanza e a normativa vixente aplicable, e que se cumpren as debidas condicións de seguridade.

No seu caso, poderanse solicitar informes a outros servizos municipais cando se estime necesario para a resolución do procedemento.

ARTIGO 18. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. CONTIDO E EFECTOS DA LICENZA.

1. Será competente para o outorgamento das licenzas a persoa titular da Alcaldía.

2. O prazo máximo para resolver, será o seguinte, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación anexa completa no rexistro do Concello:

- Un mes, para aqueles casos nos que a instalación da terraza pretendida non supoña a ocupación do dominio público. Transcorrido o devandito prazo sen que o concello notificase a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

- Tres meses, para aqueles casos nos que a instalación da terraza pretendida supoña a ocupación do dominio público. Transcorrido o devandito prazo sen que o concello notificase a resolución á persoa interesada, esta poderá entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude, por tratarse dita petición dun uso común especial da vía pública.

3. As licenzas deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

a) O nome, razón social, número ou código de identificación fiscal de quen ostente a titularidade.

b) A denominación comercial do establecemento.

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





- c) A situación e emprazamento da instalación.
 - d) A data de outorgamento da licenza e o seu período de vixencia.
 - e) O tipo de establecemento e actividade recreativa principal do mesmo.
 - f) O aforo máximo permitido.
 - g) Descrición e condicións dos elementos da terraza autorizados.
 - h) Calquera outro dato que se considere oportuno en función da normativa de aplicación e/ou das condicións singulares en función da tipoloxía da actividade ou do establecemento.
4. Unha copia da autorización concedida, coas condicións de instalación impostas, deberá colocarse no interior do establecemento ao que complementan, en lugar visible para a inspección municipal e coñecemento do público. A licenza será outorgada deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo ser exercitada polo mesmo titular do do establecemento ao que complementan, non podendo ser cedida ou subarrendada de forma independente ao establecemento a terceiros.
5. As licenzas outorgadas terán unha vixencia temporal de catro anos, debendo ser renovadas anualmente.

Con carácter xeral, e salvo petición expresa doutro período distinto polo interesado na súa solicitude, a validez da autorización abranguerá dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de cada ano. No caso do primeiro ano de vixencia, a validez da licenza abranguerá desde o momento de outorgamento ata o 31 de decembro de dito ano. Nos casos nos que o interesado solicitase outro período e se autorizase expresamente nos condicionantes da licenza, a validez da licenza abranguerá o período solicitado e autorizado dentro do ano natural.

En calquera dos supostos anteriores, para renovar a licenza só será preciso presentar a solicitude de renovación antes de que remate o ano, é dicir, como tarde o 31 de decembro, sempre e cando non se pretenda modificar as condicións da instalación e non se produza concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo. Xunto á solicitude de renovación deberá aportarse o xustificante de aboamento da taxa ou tributo correspondente, a documentación acreditativa da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil e do pago da prima correspondente do mesmo respecto do período correspondente

No seu caso, deberán achegarse as demais autorizacións que correspondan en virtude de normativa sectorial aplicable, incluída a autorización previa ou, no seu caso, o informe favorable, do titular do terreo e/ou do organismo competente cando o terreo a ocupar fora ben, de titularidade privada ou ben o dominio público a ocupar non fose de titularidade municipal, excepto que as mesmas se outorgaran por un prazo de vixencia de varios anos, que abrangase o propio período de vixencia temporal da licenza de terraza.

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





Unha vez transcorrido o prazo de catro anos, a licenza extinguirase, debendo solicitar o interesado unha nova autorización para a instalación da terraza, achegando a documentación necesaria ao efecto.

6. A modificación substancial, de conformidade co disposto a tal efecto pola Lei 9/2013, das condicións da licenza obriga necesariamente a un novo trámite de solicitude e, no seu caso, concesión. Neste senso, a modo exemplificativo, sinálase que o aumento no número de mesas e/ou do aforo ou a modificación dos períodos de instalación, terán a consideración de modificación substancial das condicións da licenza.

As modificacións non substanciais deberán comunicarse ao Concello pola persoa titular do establecemento e da autorización de instalación da terraza, no prazo de quince días hábiles desde que tivesen lugar.

7. As licenzas serán transmisibles a outro titular conxuntamente coa do establecemento ao que complementan, sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen esta circunstancia ó Concello. Neste suposto o novo titular da licenza urbanística subrogarase de forma automática na titularidade da licenza de terraza, nos mesmos termos que o anterior titular, sempre que se axuste ao disposto na Ordenanza vixente. Se o novo titular non está interesado na subrogación, poderá solicitar a baixa de terraza. Con todo, en caso de cambio de titularidade, a comunicación, acompañada da documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, haberá de efectuarse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo novo titular. O incumprimento deste mandato dará lugar á revogación da licenza.

8. Quen pretendese unha autorización sobre un espazo total ou parcialmente autorizado a outra instalación non poderá obtela ata o ano seguinte, debendo formular a súa solicitude antes 30 de novembro do ano anterior ó que teña previsto iniciar a ocupación. Coa solicitude achegarase unha proposta de distribución dos espazos e instalacións, acordada e asinada polo interesados concorrentes no citado emprazamento.

A falla de acordo entre os interesados resolveranse consonte a criterios de proporcionalidade, atendendo aos seguintes criterios de forma ponderada:

- Antigüidade da instalación, superficie autorizada nos tres exercicios anteriores.
- Superficie útil do establecemento.
- Metros de fachada dos establecementos na zona de localización da terraza.
- Valor catastral do establecemento.
- Número de traballadores contratados nos establecementos de forma indefinida.
- Outros criterios que se poidan utilizar en función das circunstancias concorrentes.

Para iso fíxanse cinco parámetros de ponderación:

10 puntos: antigüidade da instalación

30 puntos: superficie do establecemento

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





35 puntos: metros da fachada

10 puntos: valor catastral

15 puntos: número de traballadores indefinidos

O de maior antigüidade, maior superficie,... levará o total dos puntos e o resto de forma proporcional.

A fórmula de ocupación será a seguinte:

No caso de existir dúas solicitudes a de maior puntuación ocupará o 60% da zona autorizada e o resto, é dicir o 40%, será ocupada polo outro solicitante.

O feito de ter sido titular de autorización en períodos anteriores non implica maior dereito en posteriores peticións, nin vincula en canto ó número e disposición dos elementos autorizados.

9. Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, obras, implantación, supresión ou modificación de servizos ou celebración de actos públicos ou privados, ou se produzan danos no dominio público, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, sen dereito a indemnización a favor do interesado, previa tramitación do oportuno expediente con audiencia ao interesado, e sen prexuízo do seu dereito á devolución do importe da taxa xa aboada, no seu caso, de xeito proporcional ao tempo de suspensión ou á modificación realizada.

10. O Concello resérvase o dereito a inspeccionar as instalacións obxecto de licenza co fin de verificar o cumprimento da presente ordenanza.

ARTIGO 19. TAXAS.

1. Para a efectividade da licenza será necesario o pago da correspondente taxa cuxo importe e réxime de liquidación será o que se sinala nas Ordenanzas Fiscais correspondentes.

ARTIGO 20. HORARIO DE FUNCIONAMENTO.

1. O horario autorizado para a instalación de terraza será:

- O inicio da explotación da terraza poderá realizarse a partir das 08.00 horas para os establecementos definidos no apartado III.2.5 do devandito anexo do Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, ou establecementos equivalentes na norma que o poida substituír no futuro, e das 12:00 horas para os establecementos definidos no apartado III.2.7.3 e 4 do devandito anexo, en concordancia co disposto na orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

- O horario de finalización da explotación da terraza, será o seguinte:

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





a. Durante os meses de Xaneiro a Maio e Outubro e Decembro, as 00:30 horas os días laborais, e as 1:30 horas as noites de venres a sábado, sábados a domingos e vésperas de festivos.

b. Durante os meses de Xuño a Setembro, as 01:30 horas os días laborais e as 02:30 as noites dos venres a sábados, sábados a domingos e véspera de festivos.

2. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante resolución ou acordo do órgano municipal competente, dentro das marxes que lle concede a normativa vixente.

As actividades de limpeza e recollida da terraza deberán realizarse dentro do mesmo horario.

3. En ningún caso estes horarios suporán unha vulneración do establecido na normativa autonómica vixente en cada momento para os horarios de apertura e peche de establecementos abertos ao público. Se o horario de apertura ou peche do establecemento é anterior aos establecidos, o seu titular deberá aterse ao horario da peche do establecemento no que á finalización da explotación da terraza refírese.

ARTIGO 21. DEREITOS E OBRIGAS DOS TITULARES DAS AUTORIZACIÓNS.

1. Dereitos:

a) O titular da licenza terá dereito a exercer a actividade nos termos e condicións indicados na respectiva licenza, e con suxeición ao disposto na presente Ordenanza.

2. Obrigas:

a) Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida, axustándose estritamente á zona autorizada sen superala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan.

b) A póliza de seguro de responsabilidade civil de que deba dispor o titular do establecemento deberá estender a súa cobertura ós posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza.

c) Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

d) Será obriga do titular da licenza a retirada diaria dos elementos da terraza unha vez rematado o horario de funcionamento. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.

e) Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada e o perímetro da mesma nun ancho de 2 metros.. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.

f) Unha vez finalizado a vixencia temporal da licenza de terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados,

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





debedo aboar os custes de repoñer ao seu estado inicial, nun prazo máximo de sete días hábiles, previa comunicación e supervisión polo técnico municipal competente.

g) Deberá figurar en lugar visible, enmarcado e coa debida claridade, o título habilitante para a instalación da terraza, no que se especifique o número de mesas autorizadas e o aforo da mesma.

ARTIGO 22. EXTINCIÓN, CADUCIDADE E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN.

1. A licenza extinguirase nos seguintes casos:

a) Renuncia ou falta de presentación da solicitude e da documentación necesaria para a renovación da licenza polo titular da mesma.

b) Finalización do período de vixencia temporal da licenza.

c) Por caducidade.

d) Por revogación.

2. A non realización da actividade para a que foi concedida a licenza durante un período ininterrompido dun ano facultará á Administración para declarar a caducidade da licenza.

3. As licenzas poden revogarse, sen dereito a indemnización algunha ,nos seguintes supostos:

a) Cando xurdan circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, obras, así como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, ou se produzan danos no dominio público.

b) Por modificarse substancialmente ou desaparecer as circunstancias que determinaron o outorgamento, ou sobrevir outras novas que, en caso de existir, comportarían a súa denegación.

c) Por incumprimento por parte de quen ostente a titularidade das licenzas dos requisitos ou condicións en virtude dos cales lles foron outorgadas, e/ou das normas establecidas nesta Ordenanza.

d) Por sanción de conformidade co disposto o na presente ordenanza.

e) Por falta de adaptacións aos novos requirimentos establecidos polas normas dentro dos prazos contemplados con esta finalidade.

4. A revogación e a declaración de caducidade tramitaranse de oficio dando audiencia ás persoas interesadas, e deberán resolverse mediante resolución motivada dentro do prazo de seis meses desde a notificación do acordo de incoación do expediente ao interesado. O procedemento poderá ser sobreseído no caso de que se emendase a irregularidade que motivou a apertura do expediente, salvo que se apreciase reiteración ou reincidencia no incumprimento. Tanto a revogación como a declaración de caducidade non xeran dereito a indemnización.

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfn. 986390029





TÍTULO III: FACULTADES DE INSPECCIÓN. RESTABLECIMENTO DA LEGALIDADE. RÉXIME SANCIONADOR.

ARTIGO 23. FACULTADES DE INSPECCIÓN.

Será competencia da Policía local o exercizo das facultades de control e inspección sobre o cumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza.

ARTIGO 24. EXERCIZO DE ACCIÓNS. RESTABLECIMENTO DA LEGALIDADE EN MATERIA DE ACTIVIDADES.

Para o restablecemento da legalidade nesta materia, por constituír a mesma unha actividade, seguirase o procedemento para a protección da legalidade establecido na normativa urbanística.

Neste senso, igualmente o órgano municipal competente poderá acordar, previa notificación ó interesado da mesma, a paralización inmediata da actividade e a retirada da instalación nun prazo máximo de 24 horas, cando o titular do negocio non conte coa licenza municipal correspondente, ou cando a totalidade da instalación ou algunha das súas partes, ofrezca perigo para os peóns ou o tráfico rodado, segundo acredite o informe da Policía Local e/ou dos servizos técnicos municipais.

Cando a instalación se atope funcionando fora do horario permitido, a Policía Local poderá proceder ao levantamento inmediato da mesma, sen prexuízo das sancións que procederan.

Se o titular da instalación non atendera a orde de paralización e retirada de todos ou parte dos elementos da terraza, o órgano municipal competente poderá, subsidiariamente, proceder a súa retirada, a costa do interesado. Así mesmo, o interesado deberá correr cos gastos que orixine o depósito temporal dos elementos retirados.

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada ó seu estado orixinario así como a indemnización polos danos e prexuízos causados.

ARTIGO 25. INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS.

Considéranse infraccións administrativas as accións ou omisións que vulneren as disposicións contidas na presente Ordenanza, tipificadas e sancionadas conforme ao disposto nos apartados e artigos que seguen.

As infraccións administrativas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

ARTIGO 26. SUXEITOS RESPONSABLES.

Considéranse suxeitos responsables das posibles infraccións definidas nos artigos seguintes as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos abertos ao público aos que este vinculada a instalación e explotación da terraza.

No caso de producirse un cambio de titularidade na explotación do establecemento, e no seu caso da licenza de instalación da terraza, non comunicado ao concello, consideraranse responsables tanto o anterior como o novo titular.

Concello de Bueu

Rúa/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tlfno. 986390029





ARTIGO 27. INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

Entenderanse como Infracción moi grave da Ordenanza os seguintes actos:

1. A instalación de terrazas, sen licenza municipal, cando non fose posible conceder a súa autorización por carecer dalgún dos requisitos esixidos nesta ordenanza.
2. A instalación de terrazas na vía pública destinada ao aparcamento ou á circulación de vehículos, cando non se producira previamente o peche ao tráfico rodado, por decisión municipal, ou ben cando se incumprisen as condicións establecidas nesta ordenanza para a instalación de terrazas neses espazos.
3. A instalación de calquera tipo de equipo de música, megafonía, amplificadores ou outras fontes de produción ou reprodución sonora, a celebración de calquera espectáculo público, incluídas as actuacións musicais de todo tipo e as condutas que perturben notoriamente a tranquilidade e o descanso veciñal.
4. Manter en funcionamento a instalación trala finalización do período de vixencia temporal da licenza, ou ben, durante o período de vixencia da mesma, sen ter presentado a correspondente solicitude e a documentación necesaria para a renovación da licenza.
5. A instalación de terrazas, e os seus elementos complementarios, nas zonas axardinadas de uso público.
6. A ocupación coa instalación das zona sinaladas no artigo 5 da presente ordenanza.
7. A reiteración na comisión de infraccións graves (máis de tres).

ARTIGO 28. INFRACCIÓNS GRAVES.

Entenderanse como Infracción grave da Ordenanza os seguintes actos:

1. O mantemento, sen exercicio da actividade, da instalación de terrazas, trala finalización do período de vixencia temporal da licenza, durante máis de 96 horas.
2. Impedir ou dificultar o normal tránsito de peóns e/ou vehículos non respectando o paso libre esixido pola ordenanza.
3. O incumprimento das condicións de seguridade, salubridade (limpeza e mantemento) e ornato (estética e materiais) da instalación.
4. Causar dano ao pavimento e/ou demais servizos municipais.
5. A inserción de publicidade nas terrazas, mesas e cadeiras e elementos complementarios, nas zonas na que este prohibido pola ordenanza.
6. A instalación de máquinas expendedoras ou recreativas de todo tipo.
7. O incumprimento do horario de funcionamento da instalación por máis de 1 hora.
8. Instalar maior número de mesas e cadeiras e/ou o incumprimento do aforo autorizado.
9. Ocupar a fachada doutros establecementos, sen a preceptiva autorización ou ben incumprindo o disposto ao efecto no artigo 4 da presente ordenanza.





10. A instalación de terrazas, mesas e cadeiras con iluminación complementaria á do local do que dependen, ou á da vía pública en que se atopen, sen a previa presentación do proxecto técnico e a dirección de obra esixida no artigo 9 desta ordenanza.
11. A reiteración en la comisión de las infraccións leves (máis de tres).

ARTIGO 29. INFRACCIÓNS LEVES.

Entenderanse como Infracción leve da Ordenanza os seguintes actos:

1. A instalación de terrazas, antes de dispoñer de licenza municipal, cando estivera solicitada e fora posible conceder a súa autorización.
2. A conservación deficiente do mobiliario.
3. O mantemento, sen exercicio da actividade, da instalación de terrazas, trala finalización do período de vixencia temporal da licenza, por máis de 48 horas e menos de 96.
4. O incumprimento do horario de funcionamento da instalación por menos de 1 hora.
5. A non colocación da copia da autorización e o xustificante de pago das taxas nun lugar visible do interior do establecemento.
6. A non retirada do material da vía pública, unha vez rematado o horario de funcionamento.
7. A inserción de publicidade nas terrazas, mesas e cadeiras e elementos complementarios, en forma distinta á permitida pola ordenanza.
8. O incumprimento de calquera das condicións da licenza que non se considere infracción moi grave ou grave das recollidas nos artigos 28 e 29 da presente ordenanza.

ARTIGO 30. SANCIÓN DAS INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

As infraccións moi graves poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos salvo que resultasen incompatibles con:

- a. O pago dunha multa de entre 1.501 euros ata 3.000 euros.
- b. A imposibilidade de obter autorización para a instalación durante un prazo de 1 a 3 anos.
- c. A suspensión da licenza durante un prazo de 1 a 3 anos. ou ben a revogación da licenza.

ARTIGO 31. SANCIÓN DAS INFRACCIÓNS GRAVES.

As infraccións graves poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos salvo que resultasen incompatibles con:

- a. O pago dunha multa de entre 751 euros ata 1.500 euros.
- b. A imposibilidade de obter autorización para a instalación durante un prazo de 6 meses a 1 ano.





- c. A suspensión da licenza para o exercicio de que se trate durante un prazo de 6 meses a 1 ano.

ARTIGO 32. SANCIONES DAS INFRACCIÓNES LEVES.

A comisión dos actos definidos como Infraccións leves dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- a. O pago dunha multa de ata 750 euros.
- b. A imposibilidade de obter autorización para a instalación durante un prazo de ata 6 meses.

ARTIGO 33.- GRADUACIÓN DAS SANCIONES.

As sancións deberán gardar proporcionalidade coa gravidade dos feitos constitutivos da infracción e se graduarán atendendo aos criterios establecidos a tal efecto, na normativa vixente en cada momento en materia de espectáculos e actividades recreativas, e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, ou normas que as poidan substituír no futuro.

ARTIGO 34.- PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNES E SANCIONES.

O prazo de prescrición das infraccións será de tres anos para as moi graves, de dous anos para as graves e de seis meses para as leves.

As sancións impostas polas infraccións moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións leves aos seis meses.

ARTIGO 35.- MEDIDAS CAUTELARES.

Cando a Administración teña coñecemento da existencia dunha instalación de terraza, mesas e cadeiras, ou calquera outro elemento complementario, sen licenza municipal, o órgano competente requirirá ao seu titular para que no prazo máximo de tres días hábiles solicite a correspondente licenza, debendo paralizar a actividade ata que, no seu caso, conceda a mesma e retirar a instalación se se atopa nalgún dos supostos establecidos. Todo elo sen prexuízo da taxa que se deba aboar pola ocupación de vía pública.

ARTIGO 36.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR.

A imposición das sancións será competencia da persoa titular da Alcaldía, e requirirá a previa instrución do correspondente expediente sancionador, de carácter contradictorio, suxeito ás garantías e requisitos previstos na normativa legal de aplicación, en especial e de conformidade cos principios e procedemento regulado pola Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público a tal efecto, ou nas normas que as poidan substituír no futuro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.





Facúltase á persoa titular da Alcaldía, ou ao/á concelleiro/a en quen delegue, para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

Todas as solicitudes de licenzas presentadas antes da entrada en vigor da presente ordenanza réxense pola normativa de aplicación no momento en que se solicitaron, sen prexuízo do cumprimento en todo momento das condicións técnicas que poidan afectar á seguridade das persoas e dos bens ou á convivencia entre a cidadanía. Os interesados poderán optar entre a continuación do procedemento ou a desestimento do mesmo, debendo presentar unha nova solicitude neste último caso, resultándolle de aplicación o previsto na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

Os titulares de terrazas que contén con licenza municipal no momento da entrada en vigor desta Ordenanza, disporán dun prazo de 2 anos para adaptarse ás súas determinacións. Transcorrido este prazo, será condición imprescindible para a obtención da nova autorización axustarse estritamente a todas as condicións da Ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA .

Quedan derogadas cantas normas municipais ou disposicións opóñanse ao disposto na presente ordenanza e, en concreto, queda expresamente derogada a Ordenanza Municipal Reguladora de Instalación de terrazas, mesas e cadeiras (terrazas de hostalaría) aprobada definitivamente por acordo do Excmo. Concello Pleno de data 12.07.2012 (publicada no número 195 do «Boletín Oficial» da provincia de Pontevedra de data 9 de outubro de 2012).

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido nos art. 65.2 e 70.2 da Lei 7/85 de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO I MODELO SOLICITUDE





SOLICITUDE DE LICENZA DE TERRAZAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA ANEXAS AO ESTABLECEMENTO ABERTO AO PÚBLICO



SOLICITANTE: nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello telefono e-mail

REPRESENTANTE: nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello telefono e-mail

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica. Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Bueu, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento.

SI NON

Aviso e-mail:

DATOS DO ESTABLECEMENTO ABERTO AO PÚBLICO NO QUE SE PRETENDE A INSTALACIÓN DA TERRAZA ANEXA:

Emprazamento: Referencia Catastral: Denominación comercial:

NÚM.EXPEDIENTE DO TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE:

(Licenza de actividade/Declaración responsable de actividade recreativa-espectáculo público)

Prórroga automática da licenza de terraza xa autorizada en períodos anteriores: (marcar só no caso de que sexa aplicables)

Data da resolución de concesión da licenza e núm. de expediente, aportando a póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatoria, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento no que estea incluída a terraza, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos.

DATOS DA OCUPACIÓN: Situación da terraza(sinalar a que corresponda):

- Finca privada, aportando a documentación acreditativa da dispoñibilidade do citado espazo en virtude de calquera título xurídico válido en dereito.
 Dominio público municipal, solicitando por medio da presente solicitude a licenza de ocupación do mesmo.
 Dominio público de outra Administración, aportando a correspondente autorización previa de ocupación do dominio público emitida pola a Administración/organismo titular da mesma.

Número de mesas a instalar: Número de cadeiras a instalar: Superficie de m2 a ocupar:

Período de ocupación solicitado:

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e en todo caso:

- que son certos os datos que figuran na presente solicitude.
- que o establecemento para o que se solicita licenza de terraza dispón de título habilitante para o desenvolvemento da actividade principal e desenvolve a/s actividade/s con dereito a solicitar a licenza de instalación da terraza, segundo o disposto a tal efecto, no artigo 14 da ordenanza.
- que cumpre cos requisitos esixibles na normativa vixente para acceder ao recoñecemento do dereito ao exercicio da mencionada actividade.
- que se compromete a manter o seu cumprimento durante o tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio da actividade.
- que está ao corrente de pagos coa Facenda municipal, e permite a comprobación de ditos datos a Administración municipal.
- que fai constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento en que estea incluída a terraza, ou que aporta a documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.
- que no caso de prórroga automática, que se mantén o mesmo titular, a mesma actividade e as mesmas condicións da instalación da terraza.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- a) Impreso de solicitude debidamente cumprimentado.
- b) Fotografías da totalidade da fronte do local e do espazo no cal se pretende ubicar a instalación dos elementos da terraza, segundo o determinado na ordenanza a tal efecto (artigo 5 e 6).
- c) Acreditación da declaración do alta no padrón do Imposto de actividades económicas.
- d) A declaración da persoa titular onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento en que estea incluída a terraza, ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.
- e) Cando a terraza se pretenda instalar diante da fachada de locais lindeiros, autorización expresa dos titulares dos mesmos no caso de estar sen actividade, ou dos titulares da actividade no caso de contar con ela.
- f) No seu caso, copia das autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles.
- g) No seu caso, documentación acreditativa da dispoñibilidade do espazo de titularidade privada, en virtude de calquera título xurídico válido en dereito.
- h) No seu caso, autorización previa de ocupación do dominio público emitida pola a Administración/organismo titular da mesma, cando o mesmo non sexa de titularidade municipal.
- i) **Documentación técnica mínima esixible:**
 - Plano de situación segundo cartografía oficial do PXOM e plano acoutado e detallado da superficie que se pretende ocupar, que grafie tanto as terrazas como os elementos que se pretendan instalar, de maneira que se aprecie que non interfieren o acceso a portais de inmobles nin impidan a visión de escaparates, e que se achegará en tamaño DIN- A4 ou DIN-A3. No plano figurarán as características e número dos elementos a instalar, segundo o determinado na ordenanza a tal efecto (artigo7).
 - Esbozo, fotografías ou catálogos que reflectan polo miúdo a descrición e o deseño da terraza e demais elementos a instalar. A solicitude de instalación deberá detallar o número de mesas e cadeiras e dos distintos elementos que a integran, que deberá ser respectado polo titular do establecemento, e deberá cumprir coas dimensións mínimas recollidas nesta ordenanza, e a lonxitude da fachada do local. Plano de situación e emprazamento a escala sobre cartografía oficial (PXOM).Deberá representar o cumprimento expreso das distancias mínimas obrigatorias contempladas na ordenanza.
 - De pretenderse a instalación de estufas ou elementos de calefacción ou climatización persoa interesada deberá, ademais, achegar a documentación técnica esixible segundo a normativa en vigor.





SOLICITUDE DE LICENZA DE
TERRAZAS AO AIRE LIBRE
OU NA VÍA PÚBLICA ANEXAS AO
ESTABLECEMENTO ABERTO AO PÚBLICO



- j) No caso de prórroga automática, declaración de que se mantén o mesmo titular, a mesma actividade e as mesmas condicións da instalación da terraza, e póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento no que estea incluída a terraza, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos.
- k) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

Información básica sobre protección de datos persoais:

Responsable	Concello de Bueu
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://bueu.sedelectronica.gal/privacy

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á instancia presentada.

Bueu, a de de 20

Sinatura de quen declara e solicita:

